



II MILLA POPULAR DIA DO DEPORTE SOLIDARIO

Con motivo da celebración do III Día do Deporte Solidario, o Centro Comercial Area Central organizará, dentro da súa programación do día, a II Milla Popular Solidaria o sábado 3 de xuño, proba aberta a atletas federados e non federados.

As probas levaranse desde a Praza de Europa en Área Central a partir das 18:00 horas e estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. As probas rexiránse polo seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control das probas estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

CARREIRA FAMILIAR:	atletas de 2 a 6 anos e país/nais
BENXAMÍN:	atletas nadas/os en 2008 e 2009
ALEVÍN:	atletas nadas/os en 2006 e 2007
INFANTIL:	atletas nadas/os nos anos 2004 e 2005
CADETE:	atletas nadas/os nos anos 2002 e 2003
XUVENIL:	atletas nadas/os nos anos 2000 e 2001
JUNIOR:	atletas nadas/os nos anos 1998 e 1999
PROMESA/SENIOR:	atletas nadas/os nos en 1997 ata veteranos
VETERANOS/AS:	atletas de 35 anos en diante

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

3. HORARIOS:

18.00 h	Carreira Familiar – país – nenos de 2-6 anos	400 m aprox.
18.15 h	Carreira benxamín-alevín	1000,00 m aprox.
18.30 h	Carreira en cadeira de rodas	1609,30 m aprox.
18.45 h	Milla infantil mixta	1609,30 m aprox.
19.00 h	Milla cadete – xuvenil mixta	1609,30 m aprox.
19.15 h	Milla junior – promesa/senior mixta	1609,30 m aprox.
19.30 h	Milla veteranos mixta	1609,30 m aprox.

4. INSCRICIONS

Realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata o xoves 1 de xuño ás 23.59 horas.

Os dorsais recolleranse ata media hora antes do inicio das probas na tenda de deportes **Centro Deportivo** de Área Central.

Non se aceptarán as inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios.

> O prezo da inscrición será o seguinte:

* 1 € en concepto de organización só para as millas de junior en diante

* DONACIÓN SOLIDARIA NA RECOLLIDA DO DORSAL como mínimo de 1 €

5. PREMIOS E AGASALLOS

Haberá premios para:

* Os tres primeiros clasificados e clasificadas de cada milla recibirán na entrega final de premios do día do Deporte Solidario un diploma “solidario”, acto que se fará conxuntamente con outros deportes do Día do Deporte Solidario.

6. As reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación destes. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA en vigor para probas en ruta.

Mais información nas webs:

- * www.carreirasgalegas.com
- * www.fgatletismo.es/santiago
- * www.atletismogalego.org
- * www.correrengalicia.org